

Instrución da Directora xeral de Formación e Colocación pola que se autoriza o cambio de modalidade de impartición de presencial a teleformación ou aula virtual das actividades formativas destinadas á obtención de certificados de profesionalidade dentro dos programas integrados de emprego concedidos en base a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia (DOG núm. 20, do 30 de xaneiro de 2020).

En base á Orde do 27 de decembro de 2019 e mediante resolucións de data 6 de novembro de 2020, concéderonse subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante o período 2020/2021 que se levan a cabo por entidades locais ou entidades vinculadas a estas e por entidades sen ánimo de lucro.

Debido á evolución epidemiolóxica, ao longo do ano 2020 adoptáronse diversas medidas, tanto a nivel nacional como autonómico, co obxectivo de loitar contra a expansión do COVID-19, que comportaron serias medidas de distanciamento social e restricións da mobilidade e do exercicio de actividades. Esas medidas, necesarias para a protección da saúde pública, resultaron incompatibles co normal desenvolvemento dos programas integrados de emprego e implicaron a suspensión das súas actividades formativas e prácticas profesionais na modalidade presencial. Para paliar esa situación ditouse a Instrución do 22 de maio de 2020 en relación cos programas integrados de emprego da convocatoria anterior co fin de autorizar o cambio de modalidade de impartición das actividades formativas de presencial a teleformación ou aula virtual. Estas medidas seguen sendo necesarias na situación actual, co fin de facilitar o desenvolvemento adecuado das accións dos programas, incluídas as formativas, e sempre coas mellores garantías sanitarias posibles.

A Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 17 de abril de 2020 (DOG núm. 81 do 28/04/2020) recolle medidas de flexibilización que posibilitan a impartición de actividades formativas dentro do ámbito da formación profesional.

Nas instrucións xerais para a execución dos programas integrados recóllese a obriga de comunicar ao Servizo de Programas Mixtos as accións de formación certificable con carácter previo ao seu inicio.





A presente instrución, que se emite en base á disposición derradeira primeira da Orde do 27 de decembro de 2019, ten por obxecto aclarar que tanto aquelas accións formativas comunicadas no cumprimento da citada obriga como as que se vaian a realizar e se comuniquen dentro destes programas de emprego poderán solicitar o cambio de modalidade presencial a modalidade de teleformación ou mediante aula virtual sempre que se respeten os requisitos esixidos normativamente, especificamente os aplicables á formación dirixida á obtención de certificados de profesionalidade ou os seus módulos, e se garantan as actividades de seguimento e control necesarias.

O Servizo de Formación e Colocación da xefatura territorial en cuxo ámbito teña lugar a impartición da acción formativa que se comunique será a unidade competente para a instrución do procedemento e revisión do cumprimento dos requisitos esixidos na normativa aplicable do mesmo xeito que se viña realizando ata agora para a modalidade presencial.

Santiago de Compostela,

A directora xeral Formación e Colocación

Zeltia Lado Lago

